



A ÁREA SANITARIA DE VIGO COMPLETA A REORGANIZACIÓN DO SEU EQUIPO DIRECTIVO

- *Acaba de nomearse ao novo subdirector médico de Atención á Cronicidade, o especialista en Medicina familiar e comunitaria Victor Julio Quesada, que ocupa o posto vacante de Roberto Devesa*
- *Os cambios introducidos obedecen a unha reasignación de funcións na que Devesa pasou a ocupar a dirección de Atención Primaria; Reyes Díaz a dirección de Procesos de Soporte; e Iván Sanz a subdirección de Calidade Asistencial*
- *Enlace ao [organigrama](#)*

Vigo, 25 de abril de 2023. A Área Sanitaria de Vigo xa completou a reorganización do seu equipo directivo co recente nomeamento do novo subdirector médico de Atención á Cronicidade, Victor Julio Quesada.

Esta nova incorporación ven a sumarse aos últimos cambios introducidos na dirección e que, segundo explica o xerente da Área, Javier Puente "trátase dunha reasignación de funcións, dun xeito consensuado e normalizado, para dar resposta á solicitude de cambio realizada por algún dos directivos, e manter así un equipo cohesionado capaz de adaptarse ás novas esixencias".

Neste contexto, nomeouse ao doutor Roberto Devesa director de Atención Primaria en substitución da doutora Reyes Díaz, que pasou a ocupar a dirección de Procesos de Soporte, que ata o momento era desenvolvida polo doutor Iván Sanz. Este último foi nomeado subdirector de Calidade Asistencial.

O novo director de Atención Primaria, Roberto Devesa González, viña ocupando a subdirección desta área nos últimos dous anos.

Especialista en Medicina Familiar e Comunitaria, iniciou a súa traxectoria profesional nas Urgencias Sanitarias de Galicia-061, onde ademais da actividade propiamente asistencial, ocupou diversos cargos como médico coordinador e xefe de Sala.

Posteriormente, desenvolveu a súa actividade como médico de familia no centro de saúde de Redondela, para pasar logo a ocupar a xefatura do servizo de Atención Primaria de Redondela.

Reyes Díaz Lambarri, nova directora de Procesos de Soporte, é especialista en Medicina Familiar e Comunitaria e, nos últimos 5 anos, desenvolveu diversos cargos directivos en Atención Primaria, primeiro como subdirectora e logo como directora deste nivel asistencial.

Iván Sanz Falque, subdirector de Calidade Asistencial, é facultativo especialista en Radiodiagnóstico e leva 2 anos no posto da dirección de Procesos de Soporte.



Anteriormente, fora xerente do distrito Sanitario de Monforte de Lemos na Área Sanitaria de Lugo.

Victor Julio Quesada Varela, subdirector médico de Atención á Cronicidade é especialista en Medicina Familiar e Comunitaria. Na súa traxectoria profesional cabe subliñar que desenvolveu a súa actividade en diferentes centros de saúde da Área Sanitaria de Vigo, como Pontearreas e A Guarda. Ademais, en A Guarda foi o responsable do centro de saúde durante un ano.

